



Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A igrexa da lagoa de Rego d Alá

Na parroquia de Riobarba, O Vicedo (Lugo), preto do camiño que vai desde o Chao ao Alto da Cruz da Garita, hai unha pequena lagoa coñecida como o Rego d'Alá. Din que baixo as súas augas dorme unha antiga igrexa cuxas campás deixan ouvir o seu lúgubre tanxido en determinados días do ano.

Ninguén soubo dicirnos que terrible pecado provocou a ira da divindade.

[Lenda remitida por Xabier Moure Salgado, de Pontide, Suegos, O Vicedo (Lugo), en maio de 2009. Fonte oral: José Ínsua]